



COMUNICADO DE PRENSA: 3 de decembro de 2015

O PLENO APROBA A MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA QUE OS SERVIZOS SOCIAIS SEXAN COMPETENCIA DOS CONCELLOS.

A moción saiu aprobada cos votos socialistas e dun dos socios de bipartito que goberna o concello.

No pleno pasado presentamos unha moción na que na pediamos a derogación da Lei 27/2013 de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local e no seu defecto, mentras esa derogación non se producise que se lle devolvesen ás entidades locais as competencias en materia de prestación de servizos sociais e promoción e reinserción social.

Presentámola porque coidamos que os servizos sociais, e máxime nunha época de crise coma a actual, deben ser estar nas mans dos concellos porque somos administración que está máis preto das necesidades sociais da xente. Así o viñemos facendo dende hai moitos anos, de feito fomos os concellos os que puxemos en funcionamento os servizos sociais tal e como os entendemos hoxe en día. E así o fixemos no Concello de Piñor durante os anos de mandato socialista, pondo en marcha moitos servizos que foron pioneiros no seu momento coma o de xantar na casa, e os diferentes programas de educación familiar; dende o servizo de familias tardías ata o de atención psicolóxica.

A moción saiu aprobada cos votos a favor dun dos socios do bipartito que goberna en Piñor, os dous concelleiros de Veciños de Piñor sumaron os seus votos ós do PSdeG-PSOE polo que a moción aprobouse con 6 votos a favor e 3 en contra. Opuxéronse os tres concelleiros do Partido Popular que unha vez máis demostraron que cando lles toca escoller entre as necesidades dos veciños e os intereses do seu partido, escollen os do seu partido. As necesidades dos veciños de Piñor impórtanlles ben pouco.

Rogo: petición de arranxo dos viais de servizo da AG-53

En vista de que se están arranxando os viais de servizo da AG-53 ó seu paso polos concellos de Maside, Cea, Punxín e Amoeiro pedímoslle ó alcalde, a través dun rogo, que se dirixise a que correspondese (Xunta, empresa concesionaria, Axencia Galega de Infraestruturas...) para que arranxasen tamén os viais de servizo desa autoestrada ó seu paso polo término municipal de Piñor; e sobre todo o de acceso ó pobo de Moire que está moi deteriorado. Son viais moi utilizados polos veciños para acceso ás súas propiedades e para tránsito do gando.